



## Concello de Vigo Contratación

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 01 de xuño de 2010, adoptou o seguinte acordo:

**1º.- Adxudicar provisionalmente á mercantil AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA, S.A., o procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de salvamento e socorrismo en areas do concello de Vigo (Expediente 7057-306) por un prezo total de 439.722,32 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 67.076,29 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:**

- Propón a execución das seguintes melloras do servizo:
  1. Repetidor con VHF con frecuencia propia (1 unidade).
  2. Fundas estancas "Marina acuapack" para emisoras de VHF (26 unidades).
  3. Alugamento de módulos ou casetas de socorrismo "Origin 10 d Gama Origin con aire acondicionado" (2 unidades).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2010 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar, que incluírá ademais a certificación de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social. (A non existencia de débedas de carácter tributario co concello de Vigo se comprobará directamente por esta administración).

- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

O que se fai público no Perfil do Contratista do Concello de Vigo o día 1 de xuño de 2010, para coñecemento xeral.

O prazo para presentar a documentación esixida rematará o día 12-06-2010.

Dilixencia.



## Concello de Vigo Contratación

Faise constar que o día 01-06-2010 publicouse no perfil do contratista do Concello de Vigo no seu apartado "adxudicacións provisionais" este anuncio.

Vigo, 01 de xuño de 2010  
O Secretario da Mesa de Contratación

José Manuel Vieites Alén